



Rosalía de Castro, 2  
15200 NOIA (A Coruña)

Tel. 981 842 100

Fax 981 821 741

## RESOLUCIÓN DO ALCALDE Nº 4246/ 2010

### Antecedentes administrativos.

Primeiro. Visto que por resolución deste Alcalde número 3134/2010, do 30 de agosto, acordouse solicitar unha axuda económica en concepto de subvención para a realización do proxecto de investimento denominado “ Remocicar, Modernización do Mercado Tradicional de Produtos Tradicionais” por importe de 42.291, 20 €, que representa o 70% do investimento obxecto da solicitude que supón 60.416,00 €. Nesta mesma resolución acordase so sometemento á orde da Consellería de Economía Industria, do 22 de xullo de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvención a Concellos de Galicia para a adecuación e modernización de equipamentos comerciais en desenvolvemento do Plan Ágora, agora Re- comercia 2010-2013.

Segundo. Por Resolución da Consellería de Economía e industria relativa ao expediente de axuda plurianual presentada polo Concello , comunícase a concesión da mesma na seguinte contía:

Investimento para o ano 2010: 18.124,80 €.

Subvención para o ano 2010: 12.687,36 €.

Investimento para o ano 2011: 42.291,20 €.

Subvención para o ano 2011: 29.603,84 €.

Terceiro.- Por Resolución do alcalde, número 4226/2010, do 10 de decembro, incóase o correspondente expediente administrativo do contrato de subministración “Remocicar, Modernización do Mercado Tradicional de Produtos Tradicionais”, por procedemento negociado sen publicidade, expediente número 36/10-SUB-PN.

Cuarto. Por resolución da alcaldía número 4235/2010, do 13 de decembro, apróbase o expediente administrativo, o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, ordénase a apertura do procedemento de licitación por procedemento negociado sen publicidade e acórdase remitir invitación ás empresas, “Servicios “ Remuíño”, “Carpas Facal, SL” e “Cenlitrosmetrocadrado”, para que presenten ofertas e autorízase o gasto por un importe.

- Prezo sen IVE: cincuenta e un mil douscentos euros 51.200,00 €.
- IVE: nove mil dous centos euros (9.216,00 €).
- Prezo con IVE: sesenta mil catrocentos dezaseis euros (60.416,00 €).

Quinto. Durante o prazo de presentación de ofertas presentáronse unha, pola empresa: Carpas Facal, SL, en prazo e cumprindo cos requisitos establecidos na cláusula 5 do prego de administrativas que rexe esta contratación, non presenta proposición, renunciando por fax expresamente, as empresas: Servicios Remuíño S.L e Cenlitrosmetrocadrado.

Sexto: O órgano de contratación, en base ó establecido no prego de administrativas, **ACORDA** declarar admitidos e excluídos aos seguintes licitadores, polos motivos que se indican:

- LICITADORES ADMITIDOS.  
Carpas Facal, SL
- LICITADORES EXCLUÍDOS.  
Servicios Remuíño S.L o non presentar proposición.  
Cenlitrosmetrocadrado o non presentar proposición.

Sétimo: Clasificar por orden decrecente as proposicións presentadas, e outorgar a seguinte puntuación total a cada un dos licitadores participantes e admitidos no procedemento negociado convocado por adxudicación do proxecto de subministración “Remocicar, Modernización do Mercado Tradicional de Produtos Tradicionais” , expediente número 36/10-SUB-PN.

1º Carpas Facal, SL		
I) OFERTA ECONÓMICA (máx. 15 p.).		
Importe	% baixa	Puntos
51.200, 00 € ( sen IVE)	0	0
Subtotal aptdo. I)		0
II) REDUCCIÓN DE PRAZOS (máx. 15 p.)		
Prazo ofertado	Días naturais de redución	Puntos
Non consta.	0 días	0
TOTAL PUNTUACIÓN		0

Oitavo: No mesmo acordo requírese á empresa Carpas Facal, SL, candidato que presenta a oferta mais vantaxosa, para que en un prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de ter constituída a garantía definitiva por importe de 2.560 euros.

Noveno. En cumprimento do anterior, Carpas Facal, SL, constituie na Tesourería Municipal a garantía definitiva mediante aval bancario por importe de 2.560 euros.

#### Fundamentos de dereito.

Primeiro. De acordo ó establecido na cláusula 15. do prego de administrativas que rexen esta contratación e no artigo 135.4. da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP), a adxudicación provisoria debe elevarse a definitiva dentro do prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o remate do prazo de quince (15) días hábiles que deben transcorrer entre unha e outra, contados desde a publicación da primeira no perfil do contratante.

Segundo. Considerando que a competencia para a celebración do contrato é do Alcalde en base á DA 2ª da LCSP, posto que o importe acumulado de tódalas anualidades non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 6.000.000 de euros nin a súa duración é superior ós catro anos.

#### RESOLVO:

Primeiro. Adxudicar o contrato de subministración "Remocicar, Modernización do Mercado Tradicional de Produtos Tradicionais", do Concello de Noia a CARPAS FACAL, SL, código de identificación fiscal número B-70.158.795, por un prezo total de sesenta mil catrocentos dezaseis euros (60.416,00 €), co seguinte desglose e un prazo de entrega de o 20 de decembro de 2010, entrega de 8 uds. soportes de exposición, 202 und, bolsas e 17 novembro de 2011, entrega de 3 uds, soportes de exposición, 11 und, de sistemas de cubertas, 10 und, de sinais, 1.789 und, de bolsas, todo elo de acordo ó prego de cláusulas administrativas particulares, prego de prescricións técnicas e proposición presentada polo adxudicatario:

- Prezo sen IVE: cincuenta e un mil douscentos euros 51.200,00 €.
- IVE: nove mil dous centos euros (9.216,00 €).
- Prezo con IVE: sesenta mil catrocentos dezaseis euros (60.416,00 €).

Segundo. Ordenar a publicación da presente adxudicación no perfil do contratante do Concello de Noia ([www.noia.es](http://www.noia.es)).

Terceiro. Nomear de forma expresa a don Torcuato Gómez Gómez, arquitecto técnico municipal, responsable do contrato ós efectos de supervisar a súa execución e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.



Rosalía de Castro, 2  
15200 NOIA (A Coruña)  
Tel. 981 842 100  
Fax 981 821 741

**Cuarto.** Dentro dos dez (10) días hábiles seguintes ao da recepción da notificación da presente resolución polo adxudicatario, determinarase o lugar, día e hora para a formalización do contrato administrativo.

**Quinto.** Notificar a presente resolución a tódolos participantes na licitación coa indicación de que pon fin á vía administrativa e que contra a mesma poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Sexto.** Dar traslado da mesma ó responsable do contrato, aos servizos municipais de Intervención, Tesourería e Xefatura de Rendas, Deputación da Coruña e dar conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que convoque e publicar a presente resolución no perfil do contratante.

Noia, 17 de decembro de 2010.  
O Alcalde,

Asdo. Rafael García Guerrero.



Ante min  
O secretario accidental.

Asdo: Ramiro Lema Muíño.